

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUGARDOS

Aprobación definitiva das Bases xerais de funcionamento e acceso ao Espazo Infantil de Xogo

ANUNCIO

APROBACIÓN DEFINITIVA DAS BASES DE FUNCIONAMENTO E ACCESO AO ESPAZO INFANTIL DE XOGO

O Concello Pleno aprobou inicialmente, en sesión realizada o 28/03/2018, as Bases de funcionamento e acceso ao Espazo Infantil de Xogo; publicado o anuncio no Boletín Oficial da Provincia núm. 66, de data 4 de abril de 2018, e ten sido elevado a definitivo ao non terse formulado reclamacións contra o dito acordo no prazo hábil concedido.

Acto seguido e de conformidade co art. 65.2 da lei Reguladora das Bases do Réxime Local, se procede á publicación do texto íntegro, facendo constar que contra a aprobación definitiva poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir da data da súa publicación no BOP:

BASES XERAIS DE FUNCIONAMENTO E ACCESO AO ESPAZO INFANTIL DE XOGO

1. Definición

No artigo 39.1, o texto constitucional establece o deber dos poderes públicos de aseguraren a protección social, económica e xurídica da familia e, no artigo 9.2, atribúelles ós poderes públicos o deber de promoveren as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, e de removeren os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude facilitando a participación de tódolos cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, no seu artigo 8 indica as competencias dos municipios no eido da protección da familia, entre as que sinala a **execución de programas e proxectos destinados á atención á familia** e (...) a ocupación do tempo libre.”

A mesma lei, no seu artigo 42 no que enumera os Dereitos de especial protección da infancia e da adolescencia cita o “dereito ao descanso e esparexemento, ao xogo e ás actividades recreativas propias da súa idade”.

No IV Plan de Igualdade, o Concello de Mugardos comprometeuse a “continuar desenvolvendo actividades culturais, educativas, deportivas e de lecer para nenos e nenas fora do horario escolar e en períodos de vacacións, tendo en conta a perspectiva de xénero, o fomento da corresponsabilidade e a resolución pacífica de conflitos”. Deste xeito fomento da corresponsabilidade familiar entre mulleres e homes a través da conciliación dos seus tempos laborais, familiares, e persoais.

Así pois, dando resposta ás competencias municipais e esas necesidades sociais, o **Espazo Infantil de Xogo** é un servizo lúdico e educativo concebido para favorecer o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial da infancia entre 3 e 12 anos, contribuíndo, ademais, a que as familias poidan conciliar a súa vida laboral, familiar e persoal.

Entre os contidos que se desenvolverán dentro da programación se incluírán a educación para a igualdade, educación para a saúde e o consumo, para a convivencia e a interculturalidade e para o tempo libre saudable.

2. Descrición dos servizos:

2.1. Servizo lúdico e educativo do Espazo Infantil de Xogo: Servizo educativo e de esparexemento para nenas e nenos de 3-12 anos, durante os períodos de vacacións escolares de verán e Nadal, programado en quincenas, cuns contidos educativos e divertidos en base a unha programación educativa que conteña aspectos de educación para a convivencia, a igualdade, a interculturalidade, a saúde e o consumo responsable e o ocio saudable. Haberá saídas/excursións como mínimo, quincenalmente, para que os/as rapaces coñezan mais da súa contorna

2.2. Servizo complementario de comedor: Dividido en almuerzo e xantar, contribúe á promoción da saúde, e educación de habilidades sociais ademais de favorecer a conciliación familiar e laboral das familias mugardesas.

3. Duración e horarios:

O EIX desenvolverase nas vacacións escolares de verán e Nadal, nos períodos que se determinan a continuación:

Verán: 1 xullo-31 de agosto ambos incluídos

Nadal: Días non lectivos.

Horario completo: 8.00-14.00 horas.

Horario reducido: 10.30-14.00 horas

Complementarase co servizo de comedor (almorzo e xantar), co seguinte horario:

Almorzo: 8.00-9.30 h.

Xantar: 14.00-15.30 h.

Os horarios solicitados na ficha de inscrición non poderán ser modificados unha vez publicada a lista definitiva de admitidos/as agás que se solicite 5 días hábiles antes do período concedido.

As e os nenos que non usen o servizo de comedor deberán ser recollidos antes das 14.00 h e os/as usuarios de comedor antes das 15.30h.

A responsabilidade do control e coidado dos/as nenos/as polos/as monitoras responsables abrangue exclusivamente a franxa horaria de funcionamento dos servizos.

4. Lugar:

Instalacións autorizadas do CEIP Unión Mugarcesa (patio cuberto, local do comedor e instalacións exteriores).

Instalacións autorizadas do CEIP Santiago Apóstolo Franza (patio cuberto, local do comedor e instalacións exteriores).

5. Inscrición:

Establecerase un prazo en cada convocatoria.

Para o estudo do expediente de solicitude é obrigatorio presentar os 4 anexos que se achegan ao final das presentes bases e que se especifican a continuación

Anexo I: Solicitude de praza para o Espazo Infantil de Xogo

Anexo II: Cuestionario de Saúde

Anexo III: Autorizacións

Anexo IV: Documento de domiciliación bancaria

Ademais haberá que presentar xunto cos anexos a documentación que se indica no apartado de documentación do Anexo I.

Poderase incluír xunto cos anexos enquisas ou outros formularios co fin de acceder a subvencións doutras administracións.

6. Organización da actividade:

1. O servizo de atención á infancia só se poñerá en marcha cun mínimo de 7 nenos/as para o CEIP Unión Mugarcesa e cun mínimo de 7 para Franza. Para desenvolver a actividade na franxa horaria de 8.00 a 10.30 horas deberá haber un mínimo de 7 nenas/os inscritos/as. Deberase indicar na solicitude a hora de entrada.

2. O servizo complementario de comedor (almorzo ou xantar) poñerase en marcha cun mínimo de 7 solicitudes.

3. O servizo complementario de almorzo soamente está disponible para usuarios de xornada completa.

7. Destinatarios/as:

Nenos e nenas de familias empadroadas en Mugardeos de entre 3 e 12 anos cumpridos antes do primeiro día do prazo de solicitude. No caso de haber vacantes poderán solicitar nenos/as doutros concellos. Se establecen os seguintes límites de prazas por quincena e lugar de desenvolvemento da actividade, sen perxuízo de que poidan ser modificadas nas convocatorias específicas:

	CEIP Unión Mugarcesa	CEIP Santiago Apóstolo
Verán	45 por quincena	30 por quincena
Nadal	30	15

8. Procedemento de ingreso e baremación.

No caso de haber mais solicitudes que prazas ofertadas, aplicaráselles un procedemento de valoración consonte as variables indicadas na Táboa 1.

En termos xerais, terán preferencia as familias empadroadas no Concello de Mugardos, e, seguidamente, as familias cuns ingresos inferiores a 6,5 veces o IPREM do ano en curso. Poderán acceder nenos/as de familias empadroadas noutros concellos de existir prazas vacantes.

Deberán indicar na solicitude a preferencia por un centro ou outro. O Concello distribuirá as prazas en función de

- preferencia das familias mugardesas
- familias con ingresos inferiores a 6,5 veces o IPREM
- baremo das variables indicadas na Táboa 1

Táboa 1	
Variables a ter en conta para a baremación (coa correspondente acreditación)	Puntuación
Proxenitor/a con situación de alta laboral*	5
Proxenitor/a en situación de desemprego*	2
Solicitude de horario completo	2
Solicitude de servizo de xantar	1
Por cada irmá ou irmán con solicitude no servizo	1
Familia monoparental (segundo Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia)	2
Familia numerosa	1
Membro familiar con discapacidade*	1

Non se terán en conta as variables sen a correspondente acreditación documental.

* No caso das familias monoparentais adxudicaráselles a puntuación do epígrafe correspondente computado por dous.

No caso de situación excepcionais nos que o criterio técnico recomende a asistencia dalgún menor ou menores a esta actividade será resolto por resolución da alcaldía.

Constituirase no Concello de Mugardos unha **Comisión de baremación e seguimento** coa seguinte composición:

Presidente/a: o/a concelleiro/a de Benestar social.

Secretario/a: o/a da corporación ou persoal en quen delegue.

Vogais: persoal técnico dos servizos sociais comunitarios municipais

interventora do Concello ou persoal en quen delegue.

Son competencias desta Comisión:

- a) Velar polo cumprimento do proceso de ingreso.
- b) Velar pola aplicación do baremo no proceso de admisión.
- c) Aplicar a contía a aboar ou exención a aplicar en cada caso en función do que dispoña a ordenanza fiscal reguladora.
- d) Fará pública a relación provisional, coa puntuación obtida de admitidos/as e excluídos/as. Esta relación expoñerase no taboleiro de anuncios do Concello e na web municipal.
- e) Propoñer ao alcalde/alcaldesa as solicitudes de ingreso.
- f) Procedemento de baixas

9. Lista provisional:

Elaborarase unha lista provisional de persoas admitidas co período concedido e coas puntuacións obtidas. Concederáse un prazo de 5 días hábiles para a presentación de reclamacións.

Esta lista publicarase no taboleiro de edictos do concello e na web municipal www.concellodemugardos.gal.

10. Lista definitiva:

Rematado o prazo de reclamacións á lista provisional publicarase a lista definitiva e a lista de espera, se fora o caso. No suposto de que se produzan vacantes e se atope esgotada a lista de espera, aceptaranse as solicitudes por orde de rexistro de entrada.

11. Dereito de admisión:

Tanto familiares como participantes deberán manter una conducta inspirada no mutuo respecto, tolerancia, igualdade e colaboración encamiñada a facilitar unha mellor convivencia.

O Concello reservase o dereito de admisión e de exclusión temporal ou definitiva dos usuarios ou usuarias que se comporten de forma incorrecta ou que os seus pais, nais ou titores/as non respecten este regulamento e as normas básicas de convivencia e colaboración.

Antes de tomar unha decisión daráselle sempre audiencia aos pais, nais ou titores/as dos/as menores.

Os/as nenos/as que acudan ao servizo deberán ter adquiridos os hábitos de educación e coñecemento adecuados á súa idade (utilización de cubertos, respecto ao persoal, coidado do material, hábitos hixiénicos, etc). De non ser así, o esforzo dos/as monitores/as estará encamiñado neste senso e informarán aos pais, nais ou titores deste feito para realizaren o adecuado labor educativo conxunto.

O horario será de 8.00 a 14.00 horas, e de 10.30 a 14.00 horas con horario reducido. Non se poderá traer aos nenos/as despois das 10.40 nin recollelos antes da hora de saída, a excepción de causa xustificada (cita médica ou similar), co fin de non interromper as actividades organizadas. Tampouco poderán acudir cunha temperatura corporal igual ou superior a 38° C, enfermidades contaxiosas, piollos, ou calquera outra que poda afectar ao resto dos/das participantes, e nestes casos chamarase aos responsables legais para que acudan ó centro recollen ó neno/a.

Ó incorporárense á actividade todos os/as participantes deberán traer a diario (marcado á vista co nome do neno/a):

- Gorra ou viseira.
- Auga (cantimplora ou botella plástica)
- Roupas cómodas que facilite a súa mobilidade (chandal ou similar), e/ou mandilón (marcado)
- Merenda de media mañá, tal e como se especificará ao inicio da actividade (Non se admitirán alimentos de repostería/bolería industrial, chuches, chokolatinas, paquetes de snacks, etc.).

Os usuarios/as non poderán empregar mais de as tres quincenas na modalidade de horario completo no período de verán, agás casos debidamente xustificados mediante certificado de empresa con especificación dos horarios laborais de ámbolos dous proxenitores/as ou titores/as legais.

12. Ausencias

A ausencia esporádica ou continuada no servizo non exime da obriga de pagamento.

Se os e/ou as nenas non foran acudir ao Espazo infantil de Xogo ou ao servizo de almorzo/xantar que lle foi concedido deberán comunicalo ao coordinador/a de monitores/as presencialmente ou por teléfono antes das 14.00h. do día anterior. Tamén deberán informar se a ausencia vai ser de varios días, para deste xeito poder optimizar a organización dos servizos.

Por fallas de asistencia non comunicada ou non xustificada por un período superior a 3 días, poderá producir a baixa na actividade.

En caso de ausencia xustificada manterase a praza do/a nena/a no servizo pero deberá pagar a cota íntegra correspondente que viña pagando.

13. Baixas:

Causarase baixa nos servizos por calquera das circunstancias seguintes:

- Por solicitude dos pais/nais ou titores/as legais, e segundo se estableza nas presentes bases e na ordenanza fiscal
- Por non pago da cota establecida ou débedas co Concello.
- Por comprobación de falsidade na documentación ou datos achegados.
- Por incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro.
- Por falta de asistencia continuada durante un período de 3 días sen causa xustificada.
- Por incumprimento reiterado das normas, tanto por parte do/a usuario como da familia.
- Por outras razóns que poidan darse a proposta da persoa coordinadora da actividade e resolución da comisión de seguimento.

As baixas, incompatibilidades ou inadaptacións serán resoltas pola comisión baremación e seguimento. Unha vez oídos os/as interesados/as, emitirase informe de conclusións.

As baixas producidas por calquera dos motivos expostos cubriranse coas solicitudes que quedasen en lista de espera.

14. O servizo complementario de comedor:

1. Os menús seguirán as orientacións de especialistas competentes en materia de alimentación e estarán axustados ás condicións dietéticas, sanitarias e hixiénicas que se esixan para atender as necesidades alimentarias dos usuarios/as do servizo. En xeral, seguirán as directrices nutricionais empregadas no comedor escolar municipal CEIP Unión Mugardeza ("Menús saudables no comedor escolar", editado pola Xunta de Galicia) e, en xeral, estarán formados por:

- Un primeiro prato, composto basicamente de arroz, legumes, pasta, verduras e hortalizas
- Un segundo prato, que incluírá peixe, carne ou ovos, e que se acompañará dunha gornición de verduras, hortalizas ou patacas
- O terceiro prato ou sobremesa, que incluírá, fundamentalmente, froita ou derivados lácteos, como queixo ou iogur
- Un boliño individual de pan
- Auga mineral (sen límite)

2. O menú será único para todos os/as usuarios do comedor, agás nos casos de alumnos que padezan calquera tipo de intolerancia ou alerxia alimentaria, xustificada mediante informe médico. Haberá, como mínimo unha rotación de 10 menús ordinarios sen repetición.

Os menús de almorzo e xantar serán publicados semanalmente na web do Concello: www.concello demugardeos.gal e estarán expostos no comedor en lugar visible.

15. Custo dos servizos:

Os relacionado co aboamento dos servizos regulados nestas bases establecerase na Ordenanza fiscal número 28 reguladora da taxa pola prestación de servizos complementarios educativos e de conciliación da vida familiar e laboral.

EIX				
Bonificacións	Mes completo		Quincena ou inferior	
	Xornada Completa 8.00-14.00	Xornada Reducida 10.30-14.00 h.	Xornada Completa 8.00-14.00	Xornada Reducida 10.30-14.00 h.
100% (Ata 80% IPREM)	0 €	0 €	0	0
75% (80-100% IPREM)	25 €	15 €	12.5	7.5
50 % (100-125% IPREM)	50 €	30 €	25	15
15% (125-150% IPREM)	85 €	51 €	42.5	25.5
5% (150-200% IPREM)	95 €	57 €	47.5	28.5
0% (Ata 200% IPREM)	100 €	60 €	50	30

Servizo de comedor				
Bonificacións	Mes completo		Quincena ou inferior	
	Almorzo 8.00-9.30 h.	Xantar 14.00-15.30 h.	Almorzo 8.00-9.30 h.	Xantar 14.00-15.30 h.
100% (Ata 80% IPREM)	0	0	0	0
75% (80-100% IPREM)	10	22	5	11
50 % (100-125% IPREM)	20	44	10	22
15% (125-150% IPREM)	34	75	17	38
5% (150-200% IPREM)	38	84	19	42
0% (Ata 200% IPREM)	40	88	20	44

Os/as usuarias realizarán o pagamento dos servizos mediante domiciliación bancaria.

A baixa nun servizo solicitarase no Rexistro Xeral do Concello e únicamente eximirá do pagamento cando a baixa se presente nos 5 últimos días hábiles ao período concedido.

As cantidades aboadas soamente serán devoltas cando non se poda utilizar o servizo por causa de forza maior non imputable ao/a interesada. Estas causas deberán ser debidamente xustificadas na solicitude de devolución que se formule debendo achegar a esta os documentos xustificativos que en cada caso correspondan. Agás estes casos non se efectuarán devolucións das cantidades aboadas.

A inscrición no Espazo Infantil de Xogo supón o coñecemento, a aceptación e o cumprimento das normas recollidas nestas bases de funcionamento.

16. Persoal dos servizos:**16.1. Persoal de atención aos/as nenas:**

Establécese un mínimo de un monitor/a por cada 15 nenos/as, que desenvolverán as seguintes funcións:

- Programar e desenvolver as actividades lúdico-educativas nos espazos cedidos polo centro.
- Deixar recollidas as instalacións e limpo o mobiliario e os utensilios usados, así como os espazos para a realización das actividades.
- Atender aos pais, nais ou titores por teléfono ou persoalmente, para cuestións estritamente técnicas relacionadas coa atención diaria dos nenos e nenas. En todos os demais casos, deberán informar, en todo momento, ao empregado/a municipal encargado da coordinación do servizo, así como antes de realizar calquera tipo de xuntanza con calquera familia. Tamén deberán informar ao Concello sobre as inxedanzas e suxestións dos pais, nais e titores/as.
- Reunirse periodicamente coa persoa responsable municipal deste servizo.
- Custodiar a documentación persoal dos usuarios/as do servizo ao abeiro do disposto na lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro.
- Controlar as asistencias ou ausencias dos nenos/as usuarios/as do servizo, así como os horarios de entrada e saída.
- Realizar as demais funcións que se lles atribúan desde o Concello para o correcto funcionamento do servizo.

O perfil dos monitores/as será: titulación mínima de monitor/a de actividades de tempo libre, con formación en manipulación de alimentos, primeiros auxilios, e igualdade.

Deberá haber un/unha monitora-coordinadora da actividade, que ademais deberá coordinarse coa empregada/o responsable municipal do servizo para garantir a axeitada atención e vixilancia dos e das menores.

Ademais de desenvolver o proxecto educativo da actividade os monitores/as deberán atender ás seguintes tarefas das respectivas áreas.

Educación para a saúde e o consumo:

- Comprobar que os nenos e nenas laven as mans antes de comer.
- Motivar para unha alimentación variada e equilibrada
- No caso de que sexa necesario levar a cabo a limpeza e muda dos nenos/as.
- Atender aos nenos/as no caso de accidentes.
- Facer pequenas rotas de sendeirismo, adaptadas ás idades

Educación para a igualdade:

- Introducción da perspectiva coeducativa en tódalas actividades.
- Empregar unha linguaxe non sexista.
- Evitar os estereotipos e roles sexistas.
- Introducir actividades de fomento da corresponsabilidade e prevención da violencia de xénero.

Educación para a convivencia:

-Trasladar aos nenos/as aos diferentes espazos de actividade dentro e fóra do centro, e vixiar a súa conduta durante eses traslados.

- Vixiar que os nenos/as deixen as súas pertenzas de forma correcta nos lugares destinados a este fin.
- Inculcarlles aos nenos e nenas a necesidade de respectar o horario, aos/as compañeiros, as normas de convivencia establecidas e as instalacións así como o mobiliario e o material.

-Informar aos pais/nais ou titores/as e ao Concello das incidencias significativas na conduta e actitudes dos seus fillos/as.

Educación intercultural:

-Desenvolver o gusto e a capacidade de traballar na construción conxunta dunha sociedade onde as diferenzas se consideran unha riqueza común.

- Recoñecer e aceptar o pluralismo cultural como unha realidade social.
- Xogar con xogos e xoguetes doutras culturas

-Aprender tradicións bonitas e contos ou lendas doutras culturas

-Facilitar o recoñecemento positivo das diversas culturas e linguas e da súa necesaria presenza e cultivo nos espazos educativos

Educación para o tempo libre:

-Vixilancia activa nos espazos de uso.

-Elaboración dun proxecto lúdico-educativo e da memoria final das actividades.

-Preparación de actividades, en lingua galega e non sexista, segundo as idades, cun rexistro destas.

-Dirección e participación nas actividades programadas

-Realizar as demais funcións que se lles atribúan desde o Concello para o correcto funcionamento do servizo.

16.2. Persoal do servizo complementario de comedor:

A idoneidade profesional do persoal de atención e vixilancia dos comensais, deberá vir acreditada, con pleno respecto ao principio de igualdade entre homes e mulleres. Todo o persoal deberá contar como mínimo cun curso de primeiros auxilios e carné de manipulador/a de alimentos.

O persoal de atención educativa, apoio e vixilancia do servizo de comedor, ademais da imprescindible presenza física durante a prestación do servizo no seu conxunto, desenvolverá as seguintes funcións:

a. Cumprir ca labor de garda e custodia dos usuarios e usuarias do comedor escolar.

b. Coordinar tarefas relativas á educación para a saúde, adquisición de hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación da menaxe de comedor.

c. Elaboración dos rexistros mensuais, nos que se fará constar a asistencia real de comensais cada día, o rexistro de menús de cada comensal para efectuar o correspondente cobro, ou calquera outra incidencia que deba ser comunicada ao Concello.

d. Vixiar e aplicar as medidas pertinentes en materia de prevención de riscos, saúde laboral, emerxencias, etc.

e. Axudar aos nenos/as que, por idade ou necesidades asociadas a condicións persoais específicas de discapacidade, necesiten a colaboración e soporte dun adulto nas actividades de alimentación e aseo.

f. Informar a persoal técnico municipal responsable, de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento do servizo de comedor, para que aquel o poña en coñecemento das familias.

g. Atención aos nenos e nenas usuarias nos períodos de antes e despois do xantar/almorzo, basicamente no exercicio e desenvolvemento de actividades programadas para eses períodos, atendendo ás orientacións da persoa encargada do servizo de comedor escolar, que se coordinará coa coordinadora de atención do Espazo Infantil de xogo para garantir que os e as nenas que empreguen ambos servizos están en todo momento axeitadamente atendidos/as.

17. Disposición final

En todo caso, na regulación normativa relativa a certos aspectos específicos de cada convocatoria (horarios, número de prazas, prazo de solicitude, entre outros) será regulado pola resolución da alcaldía nas respectivas convocatorias. Para o non especificado en cada convocatoria, rexeráse polas presentes bases xerais”.

Mugardos, 24 de maio de 2018

A alcaldesa

Pilar Díaz Otero

2018/3721